

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO DE 2022

Ás 11:05 horas do día 25 de novembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2, 8, 9, 10 e 11b)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste ao punto 7)
D. Marcos Viturro Gómez, suplente da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste ao punto 11d)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 11a e 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U- AVAN INTEGRAL, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(porcentaxe de participación na UTE ao 50%) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: deberá presentar o Anexo III do PCAP debidamente cumprimentado polo terceiro a cuxa solvencia recorre (TK ELEVADORES, S.L.U.) e asinado dixitalmente polo/s representante/s con poder de representación
 2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.: deberá presentar o Anexo III do PCAP asinado dixitalmente polo/s representante/s con poder de representación do terceiro a cuxa solvencia recorre (TK ELEVADORES, S.L.U.).

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o nº 209 e o nº 178 no Concello de Vigo" (1.326-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a dous dos licitadores para emendar o Sobre A.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica do Servizo de Turismo o 22 de novembro de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior de data 23 de novembro. A Mesa acepta, por unanimidade o segundo informe.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.	41.250,00 €
2	TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.	46.193,00 €

Asisten á apertura D. José Carlos Giménez Campos, con DNI **.18.47*, en representación de Esmerarte Industrias Creativa SLU e D^a. Ángela Gomez Caruncho, con DNI **.87.07*, en representación de TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía do 22 de novembro de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ÁNGEL COVELO, S.L. (lotes 2 e 3) por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 10 de novembro 2022, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O 16 de novembro de 2022 o xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe da Área de Investimentos emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 21 de novembro de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliábeil mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe da Área de Investimentos o 16 de novembro de 2022.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Orde	Licitadores	Baixa ofertada
1	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	10.413,20 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	6.705,47 €
3	VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA, S.L.	6.382,03 €
4	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	6.311,03 €
5	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	5.711,48 €
6	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	5.522,15 €
7	NAROM, S.L.	4.725,38 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9.924-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9.924-113)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 8 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto urxente coa finalidade de realizar a contratación do subministro da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de seguridade informática, o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 18/08/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 22/08/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/08/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 18/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/09/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 05/09/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 06/09/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 445.280,00 €, que inclúe un I.V.E. de 77.280,00 €, dende o 1 de Novembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/ Proxecto	base	ive	total
2022	Subministro e instalación dos equipamentos hardware e software, licencias e subscricións necesarias. Integración cos recursos municipais de seguridade xa dispoñibles. Auditoría externa cara certificación ENS nivel medio.	9207.6410011 / 22920711	220.000 €	46.200 €	266,200.00 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



exercicio	concepto	partida	base	Ive.	total
2023	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44,770.00 €
2024	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44,770.00 €
2025	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44,770.00 €
2026	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44,770.00 €

TERCEIRO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista*”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	96,37
2	IBERMATICA, S.A.	76,90
3	TRC INFORMATICA, S.L.	41,37

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. (A15474281), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., o día 9 de novembro de 2022, que presenta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 7 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a documentación requirida o 18 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 3 de novembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. (A-15.474.281) o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9.924-113) por un prezo total de 434.057,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 75.332,23 euros e coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. O prezo do subministro previsto no apartado 3.A do Anexo I -FEC- do PCAP é de 260.365,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 45.187,43 euros.
2. O prezo do servizo previsto no apartado 3.A do Anexo I -FEC- do PCAP é de 43.422,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.536,20 euros.
3. Incrementa as licenzas de usuarios para as actividades de capacitación e concienciación en ciberseguridade sobre as mínimas esixidas no PPT (100) en 50 licenzas.
4. Incrementa as licenzas EDR para dispositivos sobre as mínimas solicitadas (1400) en 500 licenzas.
5. Incrementa as horas da bolsa anual incluídas no servizo SOC para dar soporte e cubrir a resposta a incidentes de seguridade sobre as mínimas esixidas no PPT (80) en 20 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de financiarse con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU”.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9.864-113)

A secretaria informa que con data do 23 de novembro de 2022 recibíuse comunicación do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia da interposición de recurso especial en materia de contratación por IVNOSYS SOLUCIONES, S.L.U.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que o 9 de novembro se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar a resolución de clasificación deste procedemento co requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, o 22 de novembro de 2022, AC CAMERFIRMA, S.A., presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de 3 días a AC CAMERFIRMA, S.A. para que poida emendar a acreditación de parte da solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP:

“Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita



subministros ou traballos por importe igual ou superior ao 70% dunha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato. Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”).

En base ao anterior, o licitador deberá acreditar a realización doutros contratos similares segundo o CPV recollido no apartado 2B do Anexo I -FEC-do PCAP (48000000-8 paquetes de software e sistemas de información). No suposto de contratos de duración superior a un ano, a correspondente documentación deberá detallar o importe executado en cada anualidade para os efectos de poder comprobar se ten realizado outros contratos similares polo importe do 70% da anualidade media do prezo do contrato nun dos últimos 3 anos.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 27 de xullo de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de agosto de 2022.

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA EUROS CON NOVENTA E NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (59.670,94 €) , sendo a partida correspondente ao IVE de 10.356,12 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.208 00 00 "Arrendamento medios auxiliares e materiais".

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	0.00 €
2023	29.835,47 €
2024	0.00 €
Total	0.00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adjudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 10 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a



proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios
1	BAYGAR, S.L.	10%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L. (B-12.019.659), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L. (B-12.019.659), o día 10 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida 18 e 21 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BAYGAR, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 10 de novembro de 2022 polo que se ordena a única oferta presentada de conformidade co disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP ("as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte un maior porcentaxe de desconto").

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a BAYGAR, S.L. (B-12.019.659) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250) por un prezo total de 59.670,94 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.356,12 euros e unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios do 10%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 13 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino ao Centro de Documentación e Recursos Feministas (dependente da Concellería de Igualdade), á Tesourería municipal, á Policía Local e á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 5 de setembro de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 24 de agosto de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 9.260,00 € euros, que inclúe un IVE (4%) de 356,15 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

Lote	2022 (de novembro decembro)	2023 (de xaneiro a decembro)	Total (IVE incluído)	Importe IVE	Prezo sen IVE	Aplicación orzamentaria
Lote 1 Igualdade	600,00 €	1.800,00 €	2.400,00 €	92,31 €	2.307,69 €	2311 2200100 "Adquisición de libros e revistas" e bolsa de vinculación
Lote 2 Tesourería	600,00 €	600,00 €	1.200,00 €	46,15 €	1.153,85 €	9340.2200100
Lote 3 Policía Local	520,00 €	1.040,00 €	1.560,00 €	60,00 €	1.500,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
Lote 4 RRHH e Formación	1.100,00 €	3.000,00 €	4.100,00 €	157,69 €	3.942,31 €	9201.2200100 "Adquisición libros consulta" 9201.2200101 "Adquisición libros consulta, PRL"
Total	2.820,00 €	6.440,00 €	9.260,00 €	356,15 €	8.903,85 €	

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241) na seguinte orde descendente:

- *Lote 1: Libros e publicacións con destino ao Centro de Documentación e Recursos Feministas, servizo dependente da Concellería de Igualdade*

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	99 puntos
2	JOSÉ LUIS PIÑEIRO VÁZQUEZ	55 puntos

- *Lote 2: Libros e publicacións con destino á Tesourería Municipal*

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	100 puntos

- *Lote 3: Libros e publicacións con destino á Policía Local*

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	100 puntos

- *Lote 4: Libros e publicacións con destino á Área de RRHH e Formación*

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos catro lotes, LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA) (B-42.915.611), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 15 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA), o día 11 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 18 e 24 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA), de acordo co informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e xefa do Servizo de Igualdade o 31 de outubro de 2022 (lote 1), o informe asinado polo tesoureiro municipal o 7 de novembro de 2022 (lote 2), o informe asinado polo intendente da Policía Local (lote 3) e o informe asinado polo técnico de Administración Xeral e a xefa da Área de RRHH e Formación o 7 de novembro de 2022 (lote 4), todos eles de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



"Adxudicar a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA) (B-42.915.611) os 4 lotes do procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241) coas seguintes condicións:

Lote 1 Igualdade

- O prezo máximo do lote é de 2.400,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 92,31 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Lote 2 Tesourería

- O prezo máximo do lote é de 1.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 46,15 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Lote 3 Policía Local

- O prezo máximo do lote é de 1.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60,00 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Lote 4 RRHH e Formación

- O prezo máximo do lote é de 4.100,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 157,69 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións)I.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 23:31	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AH42-C72435-CHA93D-N5WF2P-9JBC4E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		